



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA



AO DELEGADO ESPECIAL DA AEAT

Ref.: Campaña de IRPF

A Confederación Intersindical Galega, e no seu nome Carmen Ares Iglesias como delegada sindical na Axencia Tributaria, con domicilio a efectos de notificacións na Delegación da AEAT da Coruña, Comandante Fontanes, 10, soto.

EXPÓN:

Que ante o inicio da Campaña de Renda nas próximas datas consideramos necesario que, con carácter previo, se comunique aos funcionarios que van participar as condicións nas que desenvolverán o seu traballo.

Sabemos que, efectivamente, a cuestión económica non depende da Delegación Especial (pois o Acordo sobre a Campaña se toma en Madrid) pero sí os criterios respecto a horarios, asignación das tardes, etc. polo que consideramos imprescindible que, canto antes, e para evitar sorpresas maiores se informe convenientemente e coa suficiente antelación de todos eses aspectos aos funcionarios.

Esta organización sindical xa ten coñecemento, non de xeito oficial, de que o horario a implantar será de xeito continuado ata as 18:00 da tarde, cuestión da que estamos seguros, non se está a informar en todas as Delegacións ou Administracións de Galicia e xa está producindo as primeiras reaccións no persoal das distintas Administracións da AEAT.

Esperemos que nesta campaña se actúe coa suficiente anticipación para evitar os problemas das anteriores e que tome sempre en consideración a opinión do persoal que participa nela.

A Coruña, 13 de marzo de 2009

  
Confederación Intersindical Galega  
AXENCIA TRIBUTARIA  
A CORUÑA